



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**  
**(ACTA NÚMERO 19)**

**Presidenta:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventor:**

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e sete de maio de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asiste o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de maio de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN POR LOTES DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN DAS PUBLICACIÓNS EDITADAS POLO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 20 de maio de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Contratación por lotes da prestación dos servizos de impresión e encadernación das publicacións editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Expediente Nº: 2022/CON\_02/000005.

Primeiro.- Xustificación de Oferta Anormalmente Baixa.

Segundo.- Dar conta da documentación

Terceiro.- Proposta de adxudicación.

Antecedentes:



Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CYLTJJ4GO35JS4X6F6ZYDG4.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7C46L2NA52YTRP4VMTIYDSAE.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CTXZ4NQ4LTFGL6JXUPZKX74.

Informe de persoal con dereito a subrogación, con CSV: IV7CY4P4DBB3T7FN4V4GO3SUCU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CZWDMDAX2JOUM2VYT4J7F6A.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7C2EHTIAZCL7UP25UAE3YRAE.

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de marzo de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7C3WYMHFUL5RF6A3XFCICGOA.

Acta da Mesa de Contratación do día 06 de abril de 2022, con CSV: IV7CGLT5F4H7T3FDUNPSAJL74Q que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente. (Sobre electrónico único).

Segundo.- Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automaticamente.

Terceiro.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente (Sobre electrónico único).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
GRAFO, S.A.
INITIUM LAR, S.L.
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.

A empresa Artes Gráficas Lucenses, S.L. presenta por Rexistro electrónico (2022/PES\_03/006570) a súa oferta, resultando que o único medio admitido para a presentación de ofertas é a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Tendo en conta que os licitadores Grafo, S.A., Initium Lar, S.L.e Tauro Producción Gráfica, S.L. presentaron as súas propostas a través da Plataforma de contratación do Sector Público e dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura do sobre electrónico único e exame do Anexo I.

Resultado do exame do Anexo I presentado polas empresas, detéctase que no caso do licitador Grafo, S.A.,comprobose que marcou con x no apartado 10 do Anexo I o seguinte: “Emprega a mais de 50 traballadores:....” e marcou con X a segunda opción do apartado 11 do Anexo I: “En aplicación do establecido na normativa vixente en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes, a empresa non está obrigada á elaboración e implantación dun plan de igualdade”.

Ós efectos de que a mesa poda verificar a non incursión e prohibición para contratar nos termos establecidos no artigo 71.1 d da LCSP, debe realizar declaración responsable sobre este particular.

O resto das licitadoras, Initium Lar, S.L. e Tauro Producción Gráfica, S.L.presentan debidamente cumprimentado o Anexo I axustado aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese ao exame do Anexo II, relativo aos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática, recollidos no PCAP, resultando o que se indica a continuación.



Lote 1. Libro de Ouro da Sociedade Cultural e Recreativa «La Unión» (P.B.L. 10.400,00 euros).

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	15.770 euros, aos que haberá que engadir 630,80 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 16.400,80 euros. (A OFERTA EXCEDE O PREZO BASE DE LICITACIÓN QUE É DE 10.400 EUROS)	20 follas	20 días

Lote 2. Diario de Lugo, 1936. (P.B.L. 12.480,00 euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	7.800 euros, aos que haberá que engadir 312 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 8.112 euros.	2 follas	15 días
INITIUM LAR, S.L.	9.060 euros, aos que haberá que engadir 362,40 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 9.422,40 euros.	20 follas	20 días

Lote 3. As aldeas da memoria. (P.B.L. 6.240,00 euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	3.100 euros, aos que haberá que engadir 124 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 3.224 euros.	2 follas	15 días
INITIUM LAR, S.L.	4.530 euros, aos que haberá que engadir 181,20 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 4.711,20 euros.	20 follas	20 días

Lote 4. Celestino Fernández de la Vega, mestre lucense nun tempo de sombras. (P.B.L.9.360,00 euros).

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	6.795 euros, aos que haberá que engadir 271,8 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 7.066,8 euros.	20 follas	20 días

Lote 5. A devoción popular nos santuarios lucenses. (P.B.L. 4.160,00 euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	3.300 euros, aos que haberá que engadir 132 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 3.432 euros.	0	15 días
INITIUM LAR, S.L.	3.020 euros, aos que haberá que engadir 120,80 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 3.140,80 euros.	20 follas	20 días
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.	2.678,40 euros, aos que haberá que engadir 107,14 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 2.785,54 euros.	1 folla	0

Lote 6. Historia de Monterroso. (P.B.L. 5.200,00euros).

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.	4.095,75 euros, aos que haberá que engadir 163,83 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 4.259,58 euros.	1 folla	0
INITIUM LAR, S.L.	8.330 euros, aos que haberá que engadir 333,20 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 8.663,20 euros. (A OFERTA EXCEDE O PREZO BASE DE LICITACIÓN QUE É DE 5.200 EUROS)	20 follas	20 días

Lote 7.Lugo apocalíptico. (P.B.L. 5.200euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	4.400 euros, aos que haberá que engadir 176 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 4.576 euros.	2 follas	15 días
INITIUM LAR, S.L.	3.775 euros, aos que haberá que engadir 151 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 3.926 euros.	20 follas	20 días

Lote 8. Vinte Almas. Maruja Mallo. (P.B.L. 6.240,00euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	5.888 euros, aos que haberá que engadir 235,52 euros en concepto de IVE (4 %), o que ascende a un total de 6.123,52 euros.	20 follas	20 días

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación por unanimidade dos presentes acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa Grafo, S.A..para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, no prazo de tres días hábiles, realice declaración responsable sobre o cumprimento da normativa de igualdade con relación á elaboración de plans de igualdade, nos termos recollidos no artigo 71.1 d da LCSP.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Segundo.- Non admitir ao procedemento de contratación a oferta presentada pola mercantil Artes Gráficas Lucenses, S.L. xa que presenta a súa oferta por rexistro electrónico (2022/PES\_03/006570), incumprindo co preceptuado no artigo 139 da LCSP e o recollido no apartado “J” do cadro resume do PCAP que di que: “O lugar de presentación de ofertas: Con



carácter exclusivo e excluínte é a Plataforma de contratación do Sector Público: <https://contrataciondelestado.es/>” .

Terceiro.- Excluir ás ofertas presentadas pola empresa Initium Lar, S.L. para o Lote 1 “Libro de Ouro da Sociedade Cultural e Recreativa «La Unión»” e para o Lote 6 “Historia de Monterroso”, por exceder ,en ambos casos,o importe do prezo base de licitación, e polo tanto incumprindo co preceptuado no artigo 100 da LCSP “1. A los efectos de esta Ley, por presupuesto base de licitación se entenderá el límite máximo de gasto que en virtud del contrato puede comprometer el órgano de contratación, incluido el Impuesto sobre el Valor Añadido, salvo disposición en contrario.”

Acta da Mesa de Contratación do día 26 de abril de 2022, con CSV: IV7DVXR2PJOKWVMS6R5TCILSCU que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Primeiro.- Dar conta da subsanación da documentación administrativa.

Segundo.- Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automáticamente.

Terceiro.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Primeiro.- Dar conta da subsanación da documentación administrativa.

Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a subsanación da documentación administrativa (Anexo I), da licitadora Grafo, S.A., infórmase que presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación acordada pola Mesa en sesión celebrada o día 06 de abril de 2022.

A continuación, previo exame da documentación presentada, os membros da Mesa de Contratación entenden que a documentación emendada por Grafo, S.A. é correcta segundo o recollido no art. 71.1LCSP en relación aos cumprimento da normativa de igualdade con relación á elaboración de plans de igualdade, xa que aos membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar todas a

documentación que o integra, polo que ao non facer observación ningunha neste sentido enténdese correctamente presentada.

Segundo.- Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automáticamente.

A continuación procédese a dar conta das valoracións das ofertas presentadas polos licitadores e que constan na acta da mesa celebrada o día 06.04.2022, sendo os criterios de valoración os que se recollen a continuación.

Criterios de adjudicación avaliables mediante fórmulas	PUNTUACIÓN MÁXIMA												
<p>1.-Oferta económica.</p> $Puntuación = POE \times \frac{PB}{PO}$ <p>Puntuación = POE * (PB/PO)  Onde  POE: Puntuación da oferta económica.(90 puntos)  PB: Prezo máis baixo de entre todas as ofertas presentadas.  PO: Prezo ofertado pola empresa que se valora.</p>	90												
<p>2.- A presentación de máis follas nas probas de imprenta das descritas como obrigatorias no apartado 2.2. do Prego de prescricións técnicas, previamente á impresión definitiva do traballo adjudicado, que garantan o cumprimento das especificacións técnicas para cada lote adjudicado.  (Mín. montaxe presentada en 1 folla de 700 mm x 1000 mm.)</p> $P_o = 6 \times \frac{OP}{MO}$ <p>Onde:  Po = Puntuación da oferta que se valora  MO = mellor oferta.  OP = oferta que se valora.  As proposicións que non representen mellora e as proposicións en branco serán valoradas con 0 puntos neste apartado.</p>	6												
<p>3.- A mellora no tempo de entrega dos exemplares definitivos especificado no apartado 2.3.a) do PPT sen que supoña unha merma na calidade dos traballos requiridos e sen que a baixada sexa nunca maior a 20 días hábiles sobre o prazo obrigatorio de 30.</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>OFERTA</th> <th>PUNTUACIÓN</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Baixada de 5 días hábiles no tempo de entrega</td> <td>1 punto</td> </tr> <tr> <td>Baixada de 10 días hábiles no tempo de entrega</td> <td>2 puntos</td> </tr> <tr> <td>Baixada de 15 días hábiles no tempo de entrega</td> <td>3 puntos</td> </tr> <tr> <td>Baixada de 20 días hábiles no tempo de entrega</td> <td>4 puntos</td> </tr> <tr> <td>NON OFERTA BAIXADA no tempo de entrega</td> <td>0 puntos</td> </tr> </tbody> </table>	OFERTA	PUNTUACIÓN	Baixada de 5 días hábiles no tempo de entrega	1 punto	Baixada de 10 días hábiles no tempo de entrega	2 puntos	Baixada de 15 días hábiles no tempo de entrega	3 puntos	Baixada de 20 días hábiles no tempo de entrega	4 puntos	NON OFERTA BAIXADA no tempo de entrega	0 puntos	4
OFERTA	PUNTUACIÓN												
Baixada de 5 días hábiles no tempo de entrega	1 punto												
Baixada de 10 días hábiles no tempo de entrega	2 puntos												
Baixada de 15 días hábiles no tempo de entrega	3 puntos												
Baixada de 20 días hábiles no tempo de entrega	4 puntos												
NON OFERTA BAIXADA no tempo de entrega	0 puntos												
<b>TOTAL PUNTOS</b>	<b>100</b>												

Valoracións das ofertas:

Lote 2. Diario de Lugo, 1936. (P.B.L. 12.480,00 euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	90 puntos (8.112 euros)	0,6 puntos (2 follas)	3 puntos (15 días)
INITIUM LAR, S.L.	77,48 puntos (9.422,40 euros)	6 puntos (20 follas)	4 puntos (20 días)

\*Non existen ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo, o límite da baixa é 7.537,92 euros.





“Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.”

Lote 3. As aldeas da memoria. (P.B.L. 6.240,00euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A. (presunción de anormalmente baixa)	90 puntos (3.224 euros)	0,6 puntos (2 follas)	3 puntos (15 días)
INITIUM LAR, S.L.	61,59 (4.711.20 euros)	6 puntos (20 follas)	4 puntos (20 días)

\*A oferta económicas de Grafo,S.A. está incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo, o límite da baixa é 3.768,96 euros.

“Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.”

Lote 4. Celestino Fernández de la Vega, mestre lucense nun tempo de sombras. (P.B.L. 9.360,00euros).

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	90 puntos (7.066,80 euros)	6 puntos (20 follas)	4 puntos (20 días)

\*Non existen ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo, o límite da baixa é 7.020 euros:

“Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.”

Lote 5. A devoción popular nos santuarios lucenses. (P.B.L. 4.160,00 euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	73,05 puntos (3.432 euros)	0 puntos	3 puntos (15 días)
INITIUM LAR, S.L.	79,82 puntos (3.140,80 euros)	6 puntos (20 follas)	4 puntos (20 días)
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.	90 puntos (2.785,54 euros)	0,3 puntos (1 folla)	0 puntos.

\*Ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo:

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos

critérios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

“Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.” (Limite importes inferiores 2.666,85 euros).

<b>Contrato:</b>		<b>2022/CON_02/000005-LOTE V</b>				
<b>Precio Base de Licitación:</b>		4.160,00 CON IVE				
OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?	PUNTUACIÓN
GRAFO S.A.	3.432,00	728,00	17,5000%	Presume	No es Baja Temeraria	73,05
INITIUM LAR, S.L.	3.140,80	1.019,20	24,5000%	Se incluye	No es Baja Temeraria	79,82
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA	2.785,54	1.374,46	33,0399%	Se incluye	No es Baja Temeraria	90,00
<b>Medias calculadas</b>		<b>3.119,45</b>	<b>1.040,55</b>	<b>28,77%</b>	<b>2.963,17</b>	<b>Media Ofertas incluidas</b>
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera <b>BAJA TEMERARIA</b> e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)			<b>35,89%</b>	<b>2.666,85</b>		

#### Lote 6. Historia de Monterroso. (P.B.L. 5.200,00euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.	90 puntos (4.259,58 euros)	6 puntos (1 folla)	0 puntos

\*Non existen ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo, o límite da baixa é 3.900 euros:

“Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.”



Lote 7. Lugo apocalíptico. (P.B.L. 5.200euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	77,22 puntos (4.576 euros)	0,6 puntos (2 follas)	3 puntos (15 días)
INITIUM LAR, S.L.	90 puntos (3.926 euros)	6 puntos (20 follas)	4 puntos (20 días)

\*Non existen ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo, o límite da baixa é 3.660,80 euros:

“Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.”

Lote 8. Vinte Almas. Maruja Mallo. (P.B.L. 6.240,00euros)

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	90 puntos (6.123,52 euros)	6 puntos (20 follas)	4 puntos (20 días)

\*Non existen ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo, o límite da baixa é 4.680 euros:

“Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.”

A Mesa acorda, por unanimidade, publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público aspuntuacións totais e adoptar os seguintes acordos:

1.- Declarar deserto o lote 1.Libro de Ouro da Sociedade Cultural e Recreativa “La Union”, por non presentase ao procedemento ningunha oferta admisible.

2.- Clasificar ás licitadoras admitidas atendendo a orde de prelación segundo a oferta máis baixa:

Lote 2. Diario de Lugo, 1936.

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
GRAFO, S.A.	93,6
INITIUM LAR, S.L.	87,48

Lote 3. As aldeas da memoria.

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
GRAFO, S.A. Oferta económica incursa en presunción de anormalmente baixa.	93,6
INITIUM LAR, S.L.	71,59

Lote 4. Celestino Fernández de la Vega, mestre lucense nun tempo de sombras.

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
INITIUM LAR, S.L.	100

Lote 5. A devoción popular nos santuarios lucenses.

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.	90,30
INITIUM LAR, S.L.	89,82
GRAFO, S.A.	76,05

Lote 6. Historia de Monterroso.

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.	96

Lote 7. Lugo apocalíptico.

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
INITIUM LAR, S.L.	100
GRAFO, S.A.	80,82

Lote 8. Vinte Almas. Maruja Mallo.

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
INITIUM LAR, S.L.	100

3.- Requerir ás empresas Grafo, S.A. (lotes 2 e 3); Initium Lar, S.L. (lotes 4,7 e 8) e Tauro Producción Gráfica, S.L. (lotes 5 e 6) no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC) ou no seu caso que presente a documentación acreditativa segundo o establecido na clausula 17 do PCAP, que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, polas empresas de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.



En canto o lote 3. “As aldeas da memoria”:

Conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo non superior a cinco días hábiles, ao licitador que obtivo a mellor puntuación, Grafo,S.A., ao encontrarse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe 20 de maio de 2022, en primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a empresa Grafo, S.A., polo que se refire á xustificación da oferta incura en presunción de anormalidade ou anormalmente baixa, presentada para o lote 3, esta presentou xustificación en prazo. Solicitouse informe técnico á unidade xestora, con CSV: IV7DRT2ZKFB4V67YYBPDCZJOMQ , que se incorpora ao expediente, no que se conclúe o seguinte:

“Que á vista dos argumentos achegados pola empresa Grafo sobre a súa oferta, entre eles:

A pormenorizada descrición dos medios técnicos que posúe e que lle permite simplificar ao máximo os procesos de impresión (por exemplo: eliminación de filmación e de fotolitos), a alta capacidade e automatización das súas máquinas *offset*, o que supón unha redución de tempo de produción e un mínimo desperdicio de materiais.

A capacidade da empresa para realizar todos os procesos de impresión e encadernación, sen ter que subcontratar ningún deles, especialmente este último.

A súa estratexia de compra e a capacidade de adquisición de papel en grande cantidade e a prezos competitivos, especialmente nestes tempos de escaseza e carestía deste material.

O detalle de gastos para a súa oferta, especificando o valor de cada unha das fases produtivas.

E, finalmente, o seu equipo humano, altamente especializado, e a súa traxectoria no sector das artes gráficas, avalada polas certificacións de calidade que lle foron outorgadas por distintos organismos.

Este Servizo de Publicacións considera que o prezo ofertado pola empresa Grafo permítelle a realización do traballo con garantías e solvencia técnica e, polo tanto, non incorre en baixa temeraria.”

A mesa de contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu e consecuentemente acorda admitir ao lote 3 “As aldeas da memoria” a proposta presentada pola empresa Grafo, S.A., ao considerar que coa xustificación achegada se xustifica a viabilidade da oferta.

Acto seguido, valórase a documentación do artigo 150 da LCSP, para as empresas mellor valoradas que son:

Grafo, S.A. (lotes 2 e 3)

Initium Lar, S.L. (lotes 4,7 e 8)

Tauro Producción Gráfica, S.L. (lotes 5 e 6)

No caso de Grafo, S.A. (lotes 2 e 3): Realizouse requerimento para que achegasen a seguinte documentación no prazo máximo de 7 días hábiles:

Documento fidedigno acreditativo da existencia da representación de D.José Angel Bejarano Calabuig e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente.

Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro).

A empresa Grafo, S.A. presentou a documentación en prazo e o servizo de Contratación incorpora de oficio ao expediente o certificado do rolece, o bastanteo de poder a favor de D.José Angel Bejarano Calabuig emitido pola Asesoría xurídica, certificados de alta en IAE, da Axencia Tributaria, da Seguridade Social e do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo.



No caso de Initium Lar, S.L. (lotes 4,7 e 8)- Incorpórase de oficio o certificado do rolece e certificado de inscrición no rexistro xeral de contratistas da comunidade autónoma de Galicia nos que consta NIF, DNI do administrador solidario, obxecto social, información de inscrición no Rexistro mercantil. certificados de alta en IAE, da Axencia Tributaria, da Seguridade Social e do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo.

No caso de Tauro Producción Gráfica, S.L. (lotes 5 e 6): Realizouse requerimento para que achegasen a seguinte documentación no prazo máximo de 7 días hábiles:

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro).

A empresa Tauro Producción Gráfica, S.L. presentou a documentación en prazo, e o servizo de Contratación incorpora de oficio ao expediente o certificado do rolece,(no que consta NIF, DNI do administrador solidario, obxecto social),certificados de alta en IAE, da Axencia Tributaria, da Seguridade Social e do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Aceptar o informe técnico emitido polo servizo de Publicacións e facelo seu e consecuentemente acorda admitir ao lote 3 “As aldeas da memoria” a proposta presentada pola empresa Grafo, S.A., ao considerar que coa xustificación achegada se xustifica a viabilidade da oferta.

Adxudicar, polos seguintes importes e condicións os lotes da contratación dos Servizos de impresión e encadernación das publicacións editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo.

**Lote 2. Diario de Lugo, 1936.**

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA (CON IVE)	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	8.112 euros	2 follas	15 días

**Lote 3. As aldeas da memoria.**

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA (CON IVE)	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	3.224 euros	2 follas	15 días

**Lote 4. Celestino Fernández de la Vega, mestre lucense nun tempo de sombras.**

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA (CON IVE)	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	7.066,80 euros	20 follas	20 días

**Lote 5. A devoción popular nos santuarios lucenses.**

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA (CON IVE)	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.	2.785,54 euros	1 folla	NON OFERTA

**Lote 6. Historia de Monterroso.**

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA (CON IVE)	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.	4.259,58 euros	1 folla	NON OFERTA

**Lote 7. Lugo apocalíptico.**

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA (CON IVE)	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	3.926 euros	20 follas	20 días

**Lote 8. Vinte Almas. Maruja Mallo.**

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA (CON IVE)	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	6.123,52 euros	20 follas	20 días

3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.





E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 11:06 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.-Declarar deserto o lote 1-Libro de Ouro da Sociedade Cultural e Recreativa “La Union”, por non presentase ao procedemento ninguna oferta admisible.

2º.- Adxudicar polos seguintes importes e condicións os lotes da contratación dos Servizos de impresión e encadernación das publicacións editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo.

Lote 2. Diario de Lugo, 1936.

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	7.800,00 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 312,00 €, o que fai un total de 8.112,00 €	2 follas	15 días

Lote 3. As aldeas da memoria.

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
GRAFO, S.A.	3.100,00 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 124,00 €, o que fai un total de 3.224,00 €	2 follas	15 días

Lote 4. Celestino Fernández de la Vega, mestre lucense nun tempo de sombras.

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	6.795,00 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 271,80 €, o que fai un total de 7.066,80 €.	20 follas	20 días

Lote 5. A devoción popular nos santuarios lucenses.

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.	2.678,40 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 107,14 €, o que fai un total de 2.785,54 €.	1 folla	NON OFERTA

**Lote 6. Historia de Monterroso.**

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
TAURO PRODUCCIÓN GRÁFICA, S.L.	4.095,75 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 163,83€, o que fai un total de 4.259,58 €	1 folla	NON OFERTA

**Lote 7. Lugo apocalíptico.**

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	3.775,00 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 151,00€, o que fai un total de 3.926,00 €	20 follas	20 días

**Lote 8. Vinte Almas. Maruja Mallo.**

ADXUDICATARIO	OFERTA ECONÓMICA	PRESENTACIÓN DE MÁIS FOLLAS DE PROBA	MELLORA NO TEMPO DE ENTREGA
INITIUM LAR, S.L.	5.888,00 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 235,52 €, o que fai un total de 6.123,52 €	20 follas	20 días

**3º.-** A duración do contrato será de 12 meses, con efectos a contar dende o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo ou data que figure na mesma, ou no seu defecto, desde a data do documento da aceptación do contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP. Non se establece a posibilidade de prorrogar o contrato.

**4º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**6º.-** Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS EDIFICIOS NO ANEXO I DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20 de maio de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Acta da Mesa da contratación do día 18 de novembro de 2022, con CSV IV7F223ZBAWSTC56SUWNKL3QL4<sup>1</sup>, en relación co expediente 2021/CON\_02/000020: “Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, non existen licitadores que presenten oferta para esta contratación acordándose por unanimidade da mesa de contratación propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto do procedemento.”

Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7C27H5YAUOL6RY45IG557DO4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7C27HSBFE7TBNMCJA4N5KGOE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7C6QL5KBPYYSWNC5VAIQTXKM.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7C2CIIF4E7T5O6BROSEZYFC4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7C2CIYBBU57X5IVRNEIVC7FY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7C2CY2PNH4XTPT7VARMJ3REA.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7C2GLNLEZT5K55AVXU75DE6U.

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de marzo de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7C3WYNAAMJJGJ2QHQAQJQRMA.

Acta da Mesa de Contratación do día 26 de abril de 2022, con CSV IV7DWTLKBN6KWRO52N4CO3TCI4, que acordou o seguinte:

(...) “As ofertas son as seguintes:

LICITADORES	Criterio 1	Criterio 2	Criterio 3	Criterio 4
ACIERTA ASISTENCIA, S.A.	20%	17%	24 meses	si
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A.	15%	10%	24 meses	si

Comprobouse que ningunha das ofertas económicas se atopa en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, segundo o disposto no artigo 149 da LCSP.

Terceiro.- Valoración criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente que da o seguinte resultado:

LICITADORES	Criterio 1	Criterio 2	Criterio 3	Criterio 4	TOTAL
ACIERTA ASISTENCIA, S.A.	10 puntos	20,4 puntos	10 puntos	10 puntos	50,40 puntos
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A.	7,5 puntos	12 puntos	10 puntos	10 puntos	39,50 puntos

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:



Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	ACIERTA ASISTENCIA, S.A.	50,40 puntos
2	SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A.	39,50 puntos

2º.- Requerir á empresa Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
116.635,49 €	5.831,77 €

Dilixencia con CSV IV7DWHY6EFGSRKFYVUETEKFOE de corrección de erros da acta anterior:

“Onde di:

(...)” 2º.- Requerir á empresa Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente (...)”

Debe dicir:

(...) “2º.- Requerir á empresa Acierta Asistencia, S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente (...)”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 20 de maio de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP da licitadora Acierta Asistencia, S.A.:

Incorpóranse ao expediente certificados de obrigas tributarias e da Seguridade Social obtidos polo Servizo de Contratación, así como certificado do rolece no que consta acreditación da

personalidade, capacidade do empresario e representación e carta de pago da garantía definitiva emitida pola Tesourería provincial.

Incorpórase ao expediente documentación presentada pola empresa no sobre que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos: compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais indicados no PPT coa condición de mínimos e certificado de clasificación no Grupo O, Subgrupo 1, Categoría 1, que acredita a solvencia económica e técnica da empresa.

Infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, diversa documentación, da que se extrae a requirida pola Mesa na sesión precedente: Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil e do xustificante de pago do último recibo de dita póliza.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Acierta Asistencia, S.A. a contratación do Servizo de mantemento e conservación de edificios da Deputación de Lugo relacionados no Anexo I do prego de prescricións técnicas. 2022/CON\_02/000011, polo importe 116.635,49 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 24.493,45 €, o que fai un total de 141.128,94 €, para unha duración de un ano, prorrogable por outro ano mais, con porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios das unidades de obra contidos no anexo II do prego de prescricións técnicas (PPT) do 20% e sobre os prezos unitarios de man de obra e elementos auxiliares contidos no anexo III do PPT do 17%, cun prazo de garantía de 24 meses e disposición efectiva na execución do contrato dun técnico con titulación superior, ademais do requirido no apartado 12 do PPT.



Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Acierta Asistencia, S.A. a contratación do Servizo de mantemento e conservación de edificios da Deputación de Lugo relacionados no anexo I do prego de prescricións técnicas. 2022/CON\_02/000011, polo importe 116.635,49 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 24.493,45 €, o que fai un total de 141.128,94 €, para unha duración de un ano e comezo previsto o 1 de xullo de 2022:

CENTRO	Aplicacións	2022	Documento RC	2023	Documento RC
Pabellón n.º 4 y Capilla de Santa María	2413.212	13.467,30 €	22022/4688	4.489,10 €	220229/53
Museo Provincial	3330.212	33.668,25 €	22022/4689	11.222,75 €	220229/54
Pazo dos Deportes e Pabellón Anexo	3420.212	14.461,46 €	22022/4690	4.820,48 €	220229/55
Escola de Piragüismo	3421.212	961,95 €	22022/4691	320,65 €	220229/56
Museo de San Paio de Narla	3331.212	14.429,25 €	22022/4692	4.809,75 €	220229/57
Museo do Mar	3333.212	9.619,50 €	22022/4693	3.206,50 €	220229/58
Museo do Pazo de Tor	3332.212	19.239,00 €	22022/4696	6.413,00 €	220229/59
SUMA		105.846,71 €		35.282,23 €	
TOTAL			141.128,94 €		

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, pola cantidade de 105.846,71 €, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

2º.- A adxudicataria comprométese a unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios das unidades de obra contidos no anexo II do prego de prescricións técnicas (PPT) do 20% e sobre os prezos unitarios de man de obra e elementos auxiliares contidos no anexo III do PPT do 17%,

cun prazo de garantía de 24 meses e disposición efectiva na execución do contrato dun técnico con titulación superior, ademais do requirido no apartado 12 do PPT.

3º.- A duración deste contrato é de un ano, prorrogable por outro ano mais. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS E O CONTROL E PREVENCIÓN DA LEXIONELOSIS NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE A FONSAGRADA, POL, TRABADA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, CASTROVERDE, MEIRA, RIBAS DE SIL E NAVIA DE SUARNA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:





“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20 de maio de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa, con CSV: IV7C2EJSIHW54WPK4Y7G57XTGM<sup>2</sup>.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7C2EJSIFXIL3G64FOCGRXOPY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7C27L3IFVJ5COTQBYCGFJF7Y.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7C2EIOHU54TWHCAL6QMYXWBY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7C2EINPT4TISUC6Z6HIMJCEY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7C2GL7B46Y735T2XQNAE7UL4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7C2EIYNBR6ITEJUB7VIMST54.

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de marzo de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7C2EPSLIGJVO4TSB54GMCVIE.

Acta da Mesa de Contratación do día 6 de abril de 2022, con CSV IV7CG6XSIEP6WVGL23WUKDXBGQ, que acordou o seguinte:

(...) “Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración

---

<sup>2</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES
CLECE SA
GESTIÓN ENERGÉTICA ABEAL S.L.
INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A.
TEMPUS INSTALACIONES S.L.
VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, cos seguintes resultados:

O Anexo I presentado polas empresas Clece SA, Gestión Energética Abeal S.L., Inerproma Medioambiente SL, Tempus Instalaciones S.L. e Veolia Servicios Norte S.A.U., axústase aos requisitos recollidos no PCAP, polo que se acorda admitilas.

No caso do licitador Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A. comprobouse que marcou con x no apartado 10 do Anexo I o seguinte: “Emprega a mais de 50 traballadores:...” e marcou con X a segunda opción do apartado 11 do Anexo I: “En aplicación do establecido na normativa vixente en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes, a empresa non está obrigada á elaboración e implantación dun plan de igualdade”. Ós efectos de que a mesa poda verificar a non incursión e prohibición para contratar nos termos establecidos no artigo 71.1 d da LCSP, debe realizar declaración responsable sobre este particular.

A mesa de contratación cualifica o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade:

Non abrir as ofertas económicas ata que se leve a cabo o trámite de subsanación de Anexo I da empresa Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A.



Requirir á empresa Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A. para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, no prazo de tres días hábiles, realice declaración responsable sobre o cumprimento da normativa de igualdade con relación á elaboración de plans de igualdade, nos termos recollidos no artigo 71.1 d da LCSP.”

Acta da Mesa celebrada o día 26 de abril de 2022, con CSV IV7DVX2JZMUUCTVEKYUAXF4LO5Y, que recolle o seguinte:

Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a subsanación da documentación administrativa (Anexo I), da licitadora Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A., infórmase que presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación acordada pola Mesa en sesión celebrada o día 06 de abril de 2022.

A continuación, previo exame da documentación presentada, os membros da Mesa de Contratación entenden que a documentación emendada por Servicios Integrales de Gestión Y Mantenimiento S.A. é correcta segundo o recollido no art. 71.1LCSP, en relación ao cumprimento da normativa de igualdade con relación á elaboración de plans de igualdade, xa que aos membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar todas a documentación que o integra, polo que ao non facer observación ningunha neste sentido, enténdese correctamente presentada.

A Mesa de contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda admitir á licitación á empresa Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A. SLU, sendo así que as licitadoras admitidas son as seguintes:

LICITADORES
CLECE SA
GESTIÓN ENERGÉTICA ABEAL S.L.
INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A.
TEMPUS INSTALACIONES S.L.
VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.

Segundo.- Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

A Mesa procedeu á apertura dos sobres electrónicos que conteñen os criterios avaliábles automaticamente:

LICITADOR	CRITERIO 1 Oferta económica (porcentaxe de desconto sobre prezos unitarios)	CRITERIO 2 Formación teórico-práctica en cada un dos centros
CLECE SA	33,27%	SI
GESTIÓN ENERGÉTICA ABEAL S.L.	31%	SI
INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL	18,01%	SI
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A.	35,74%	SI
TEMPUS INSTALACIONES S.L.	8%	SI
VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.	13,17%	SI

Comprobouse que ningunha das ofertas económicas se atopa en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, segundo o disposto no artigo 149 da LCSP.

Terceiro.- Valoración criterios avaliábles automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Procedeuse á valoración dos criterios avaliábles automaticamente que da o seguinte resultado:

LICITADOR	CRITERIO 1 Oferta económica (porcentaxe de desconto sobre prezos unitarios) 90 puntos	CRITERIO 2 Formación teórico-práctica en cada un dos centros. 10 puntos	PUNTUACIÓN TOTAL
CLECE SA	83,78 puntos	10 puntos	93,78 puntos
GESTIÓN ENERGÉTICA ABEAL S.L.	78,06 puntos	10 puntos	88,06 puntos
INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL	45,35 puntos	10 puntos	55,35 puntos
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A.	90 puntos	10 puntos	100 puntos
TEMPUS INSTALACIONES S.L.	20,15 puntos	10 puntos	30,15 puntos
VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.	33,16 puntos	10 puntos	43,16 puntos

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:



Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A.	100
2	CLECE SA	93,78
3	GESTIÓN ENERGÉTICA ABEAL S.L.	88,06
4	INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL	55,35
5	VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U	43,16
6	TEMPUS INSTALACIONES S.L	30,15

2º.- Requerir á empresa Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
57.600,00 €.	2.880 €

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 20 de maio de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP:

Incorpóranse polo Servizo de Contratación certificado do rolece no que consta acreditación da personalidade, capacidade do empresario e representación, así como certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, e carta de pago da garantía definitiva emitida pola Tesourería provincial.

A empresa presenta, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida: documentos acreditativos da solvencia económica e técnica (contas depositadas de 2020 e certificado de boa execución con importes superiores aos esixidos), compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais indicados no PPT, copia da póliza de seguro de responsabilidade civil, recibo de pago da citada póliza do último

período en vigor e documentación acreditativa de estar inscrita en Rexistro de Empresas Instaladoras e Mantedoras de instalacións térmicas nos edificios.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A. a contratación do Servizo de mantemento integral das instalacións térmicas e o control e prevención da lexiellosis nos Centros de Atención ás Persoas Maiores de A Fonsagrada, Pol, Trabada, Pedrafita do Cebreiro, Castroverde, Meira, Ribas de Sil e Navia de Suarna. 2022/CON\_02/000019, polo importe de 57.600,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 12.096,00 €, o que fai un total de 69.696,00 €, para unha duración de un ano, prorrogable por outro ano mais, con porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no cadro resumo de 35,74% e compromiso de realizar formación teórico/práctica do funcionamento da instalación térmica en cada un dos centros, segundo o definido no cadro resumo do PCAP.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos”.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A. a contratación do Servizo de mantemento integral das instalacións térmicas e o control e prevención da lexiellosis nos Centros de Atención ás Persoas Maiores de A Fonsagrada, Pol, Trabada, Pedrafita do Cebreiro, Castroverde, Meira, Ribas de Sil e Navia de Suarna. 2022/CON\_02/000019,



polo importe máximo de 57.600,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 12.096,00 €, o que fai un total de 69.696,00 €, para unha duración de un ano e comezo previsto o 1 de xullo de 2022, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

CENTRO	APLICACIÓN	TOTAL	IMPORTE 2022	22/RC	IMPORTE 2023	23/RC
CAM TRABADA	2315.212	8.712,00 €	4.356,00	22022/8527	4.356,00	220229/133
CAM MEIRA	2315.212	8.712,00 €	4.356,00	22022/8519	4.356,00	220229/125
CAM POL	2315.212	8.712,00 €	4.356,00	22022/8524	4.356,00	220229/130
CAM CASTROVERDE	2315.212	8.712,00 €	4.356,00	22022/8515	4.356,00	220229/121
CAM FONSAGRADA	2315.212	8.712,00 €	4.356,00	22022/8517	4.356,00	220229/123
CAM PEDRAFITA	2315.212	8.712,00 €	4.356,00	22022/8522	4.356,00	220229/128
CAM NAVIA DE SUARNA	2315.212	8.712,00 €	4.356,00	22022/8520	4.356,00	220229/126
CAM RIBAS DE SIL	2315.212	8.712,00 €	4.356,00	22022/8525	4.356,00	220229/131
SUMA		69.696,00 €	34.848,00		34.848,00	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, pola cantidade de 34.848 €, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

2º.- A adxudicataria comprométese a unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no cadro resumo de 35,74% e compromiso de realizar formación teórico/práctica do funcionamento da instalación térmica en cada un dos centros, segundo o definido no cadro resumo do PCAP.

3º.- A duración deste contrato é de un ano, prorrogable por outro ano mais. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.**

*Escrito do Concello de Lourenzá, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 131 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (131) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.





2. Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Lourenzá presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
LOURENZÁ	131	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE-PISTA POUSADA, RUA REGO VILAZO E ENTORNO FERIA VELLA, INCLÚIDO HONORARIOS	1532.76201	21.686,34€

5. Por escrito de data 19/05/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
LOURENZÁ	REM	MELLORAS EN RÚAS DE NÚCLEOS RURAIS DE CASTIÑEIRAS VERDES E A COVELA (SANTO TOMÉ) E CONDOMIÑA (SANTA MARÍA)	1532.76201	--	21.686,33€	21.686,33€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

#### Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Lourenzá, no Plan Único 2021”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lourenzá e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
LOURENZÁ	REM	MELLORAS EN RÚAS DE NÚCLEOS RURAIS DE CASTIÑEIRAS VERDES E A COVELA (SANTO TOMÉ) E CONDOMIÑA (SANTA MARÍA)	1532.76201	--	21.686,33€	21.686,33€



2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Primeiro.- Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba coa finalidade común de colaborar na execución do proxecto de reurbanización da rúa da Pravia.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins común de Execución do proxecto de reurbanización da rúa da Pravia, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Vilalba con número de expediente no GTM: 2022/PES\_03/006027, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7DSSXJNAX2ITG7CAPVC5PHOE.

Borrador de convenio con CSV: IV7DSSXJKEEMZVP5AYFUAF3X64.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7DSSXOJL6PIX6JDUXCMP3PEM.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Execución do proxecto de reurbanización da rúa da Pravia, con un orzamento total de 935.774,25 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 250.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento da “Representación do circo romano no Arde Lucus 2022”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento da “Representación do circo romano no Arde Lucus 2022”.



Visto o escrito remitido dende o Concello de Lugo (EXP-2022/PES\_03/006396) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Representación do circo romano no Arde Lucus 2022”, por importe total de 33.515,79 € (dos que os 28.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 5.515,79 € serán financiados polo Concello de Lugo), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c)

As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e



autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as

entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.





Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da

Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

#### Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Lugo, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, (...).



Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta. Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 28.000,00 €, na aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Representación do circo romano no Arde Lucus 2022” por importe total de 33.515,79€.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 28.000,00€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 4320.46200.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento da “Pavimentación e drenaxe de exteriores no centro ocupacional de Viveiro” ano 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento da “Pavimentación e drenaxe de exteriores no centro ocupacional de Viveiro”, ano 2022.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Viveiro (EXP-2022/PES\_03/008203) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Pavimentación e drenaxe de exteriores no centro ocupacional de Viveiro”, por importe total de 49.242,00 € (dos que os 44.242,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 5.000,00 € serán financiados polo Concello de Viveiro), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da

provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.



Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de

dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...).”

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.





Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades,

tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

#### Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Viveiro, consonte ao artigo 25 da LRBRL:



“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade (...).

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal

entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 44.242,00 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Pavimentación e drenaxe de exteriores do centro ocupacional de Viveiro” por importe total de 49.242,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 44.242,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**Cuarto.-** *Proposta relativa á aprobación, se procede, da segunda modificación do acordo de concesión do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021 e da terceira addenda ao convenio canalizador da citada subvención.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Asunto: Informe favorable. Segunda modificación do acordo de concesión do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021 e terceira addenda ao convenio canalizador da citada subvención.

En relación ao asunto de referencia (EXP: 2022/PES\_03/007532), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, se emite o seguinte informe.

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 150.000,00€ a favor da entidade Diocese de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 5.000,00€

Ano 2021: 145.000,00€

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 150.000,00€, que se desagrega en 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Diocese de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diocese de Lugo”, e para a anualidade 2021 por importe de 145.000,00€. O orzamento xeral do 2021, aprobado inicialmente polo pleno da Deputación o 30 de novembro de 2020, non prevé crédito suficiente para a anualidade 2021, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de modificar o orzamento xeral do 2021.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizouse o 16 de decembro de 2020.

Terceiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de xaneiro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Modificar a cláusula sétima (xustificación e aboamento da subvención e gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

Cuarto.- A addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co



obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diocese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizouse o 25 de xaneiro de 2022.

Quinto.- A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de febreiro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Aprobar a modificación do acordo de concesión, de data 11 de decembro de 2020 da subvención que quería redactado no seguinte senso:

1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 150.000€ a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020, 2021 e 2022, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 5.000,00€

Ano 2021: 145.000,00€

Ano 2022: 13.132,17 €

2. Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 163.132,17, que se desagrega en 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, 145.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 e 13.132,17 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955, do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente”.

Aprobar a modificación da cláusula primeira (obxecto do convenio) da cláusula segunda (orzamento de execución da actuación subvencionada) a cláusula Terceira (achegas e compromisos das partes) da cláusula Sétima (xustificación e aboamento da subvención) da cláusula décimo cuarta (vixencia do Convenio e modificación) e da Cláusula Adicional Primeira (anticipo) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola

Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2020 e modificado o 25 de xaneiro de 2022, no senso da segunda addenda que se incorpora ao expediente, tendo en conta que media a vontade das partes e que o convenio está vixente e recolle a posibilidade de modificación do mesmo”.

Sexto.- A segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizouse o 14 de febreiro de 2022.

Sétimo.- O representante da Diócese de Lugo remitiu, o 20 de abril de 2022 (2022RPE006651) ao Servizo de Contratación e Fomento escrito no que se recolle literalmente o seguinte:

“Que, con data 16 de Decembro de 2020 asinouse o Convenio Canalizador da Subvención Directa de Carácter Excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo e a Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas – Diócese de Lugo” nas anualidades 2020 e 2021, (aprobado por acordo de Xunta de Goberno de data 11 de Decembro de 2020). Que, en dito convenio non se incluíu o proxecto de “Restauración dos retablos da Igrexia de Santiago de Saamasas en Lugo”, en dito proxecto as obras que se prevén son a restauración do Retablo Maior do século XVII e os Retablos Colaterales do século XVIII da mencionada Igrexa. Que, dado o deterioro no que se atopan os Retablos mencionados e para evitar danos irreparables nos mesmos é urxente acometer á maior brevidade posible a intervención. Que, esta obra non prevista inicialmente no Convenio ten un coste adicional de 33.853,90€ (IVE incluído), segundo o proxecto que se acompaña. (Documento Nº 1). Polo que, solicita admitan este escrito e o seu contido, e se autorice unha addenda ó mencionado Convenio na que se recolla o coste total deste imprevisto, financiando o 50% do custo a Deputación (16.926,95€) e o outro 50% a Diócese de Lugo (16.926,95€).”

Consideracións xurídico administrativas.





Primeira.- Segundo o establecido no artigo 13.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo (BOP. Núm. 082 do 13 de abril de 2021):

“(…) 2. A resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevindas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

3. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución/acordo da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos do proxecto ou actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedente e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.”

Segunda.- Na cláusula décimo cuarta -Vixencia do Convenio e modificación- do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2021 e modificado o 25 de xaneiro de 2022 e o 14 de febreiro de 2022 recollese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2020 na data límite do 31 de decembro de 2021, e a da anualidade 2021 na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva”.

Terceira.- O órgano competente para aprobar a segunda modificación do acordo de concesión e a terceira addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diocese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

#### Conclusiones.

Por todo o exposto, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente:

Primeira.- A modificación do acordo de concesión da subvención, de data 11 de decembro de 2020, que quería redactado no seguinte senso:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 180.059,12 € favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020, 2021 e 2022, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 5.000,00€

Ano 2021: 145.000,00€

Ano 2022: 30.059,12 €

2. Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 180.059,12 € que se desagrega en 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, 145.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do orzamento da Deputación



Provincial de Lugo para o ano 2021 e 30.059,12 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955, do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente”.

Segunda.- A modificación da cláusula primeira (obxecto do convenio) da cláusula segunda (orzamento de execución da actuación subvencionada) da cláusula terceira (achegas e compromisos das partes) da cláusula sétima (xustificación e abono da subvención) e da Cláusula Adicional Primeira (anticipo) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diocese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2020 e modificado o 25 de xaneiro de 2022 e o 14 de febreiro de 2022, no senso da terceira addenda que se incorpora ao expediente, tendo en conta que media a vontade das partes e que o convenio está vixente e recolle a posibilidade de modificación do mesmo.”

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación do acordo de concesión da subvención, de data 11 de decembro de 2020, que quería redactado no seguinte senso:

Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 180.059,12 € a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020, 2021 e 2022, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 5.000,00€

Ano 2021: 145.000,00€

Ano 2022: 30.059,12 €

Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 180.059,12 € que se desagrega en 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, 145.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 e 30.059,12 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955, do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022

Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.

2º.- Aprobar a modificación da cláusula primeira (obxecto do convenio) da cláusula segunda (orzamento de execución da actuación subvencionada) da cláusula Terceira (achegas e compromisos das partes) da cláusula sétima (xustificación e abono da subvención) e da Cláusula Adicional Primeira (anticipo) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2020 e modificado o 25 de xaneiro de 2022 e o 14 de febreiro de 2022, no senso da terceira addenda que se incorpora ao expediente, tendo en conta que media a vontade das partes e que o convenio está vixente e recolle a posibilidade de modificación do mesmo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **7.- PROPOSTA REFERENTE Á ACTA DA ASAMBLEA XERAL, DE 7 DE ABRIL DE 2022, DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO C DE PARADAI, LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“O Pleno, do Concello de Lugo, en sesión ordinaria, celebrada o día 30 de xuño de 2005, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación definitiva, ao amparo do establecido no artigo 89.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, do Plan Especial de Reforma Interior do “Polígono C”, na zona comprendida entre a Ponte Romai e a Ponte da Estación, promovido pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A que establece como sistema de actuación a compensación.

A Xunta de Goberno Local, do Concello de Lugo, en sesión que tivo lugar o 14 de decembro de 2005, aprobou, definitivamente, o Proxecto de Estatutos e Bases de Actuación para a constitución da Xunta de Compensación do “Polígono C” do expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana na zona comprendida entre a Ponte Romai e a Ponte da Estación, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 34 , de data de 10 de febreiro de 2006.

O 18 de abril de 2007 constitúese a Xunta de Compensación, da unidade de actuación Polígono C, da zona comprendida entre a Ponte Romai a Ponte da Estación, mediante escritura outorgada polo notario D. José Manuel López Cedrón, baixo o protocolo número mil oitocentos vinte e dous e inscrita no rexistro xeral de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia, baixo o número 28/07.

A propiedade da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, neste polígono de actuación era a seguinte:

“Finca no lugar de Paradai, parroquia de San Lorenzo de Albeiros, termo municipal de Lugo, que ten unha caseta á dereita da súa entrada, distribuída en cuadra, na súa planta baixa dúas habitacións e unha cociña na súa parte alta, e un faiado con armazón de madeira e cuberta de lousa, que mide cento catro metros cadrados; un patio cunha fonte, dunha extensión superficial de un ferrado e dezaioito cuartillos, equivalentes a oito áreas, vinte e nove centiáreas, pola medida de Lugo, un almacén para curtidos e cortiza na parte oeste do patio, é dicir, dereita entrando, de oito cuartillos e a cuarta parte doutro de extensión, iguais a cento oitenta metros cadrados; outro almacén ao Sueste , é dicir, fronte entrando, que ocupa a extensión superficial de catro cuartillos, equivalentes a oitenta e sete metros cadrados ao lado do cal existe a canle que conduce las augas á

fabrica e sobre dita canle, un miradoiro con balconcillos de ferro e á esquerda da porta de entrada e do patio, a casa fabrica con varios noques ou pilas para curtidos de peles na súa planta baixa, e no único alto que ten diferentes departamentos para habitar e un salón corrido para secadoiro de peles con faiado armazón de madeira e cuberta de lousa, que ocupa a extensión superficial dun ferrado e sete cuartillos, equivalentes a cincocentos oitenta e nove metros cadrados, existindo adherente, á parte Sueste, una horta regadía cunha caseta no seu fondo e varias arbores froiteiros, da extensión superficial de catro ferrados e trece cuartillos, equivalentes a vinte áreas, trinta centiáreas e setenta e un decímetros cadrados, ocupando todo o perímetro da caseta, patio, almacéns, casa fabrica e horta a superficie de oito ferrados, quince cuartillos, equivalentes a trinta e oito áreas, vinte e unha centiáreas e corenta e seis decímetros cadrados”.

Esta finca está inscrita no Rexistro da Propiedade Número un de Lugo, ao Tomo 1672, Libro 1233, Folio 107 e Finca 6345, sendo a súa referencia catastral 8039001PH1683N0001AK.

O Pleno desta Excma. Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís...”

A cesión global de activo e pasivo implica a subrogación da Deputación na posición xurídica da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular.

Actualmente a participación da Deputación Provincial de Lugo neste polígono de actuación é do 27,67%, a segunda porcentaxe, por detrás de Land Company 2020 S.L que ten unha participación do 31,20%.

Na reunión celebrada, pola Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, en data de 7 de abril de 2022, acordouse, entre outros:



A aprobación do presuposto de exercicio 2022 e réxime de aportación de derramas, nos seguintes termos:

EJERCICIO 2022			
GASTOS			
CONCEPTO	BASE IMPONIBLE	IVA	TOTAL
PROYECTO DE COMPENSACIÓN (100% CONTRATO)	8.000,00 €	1.680,00 €	9.680,00 €
PROYECTO DE URBANIZACIÓN (100% CONTRATO)	16.698,00 €	3.506,58 €	20.204,58 €
SECRETARIA Y ADMINISTRACION (700/mes*18)	12.600,00 €	2.646,00 €	15.246,00 €
OTROS GASTOS (REUNIONES, NOTARIA, ETC)	5.000,00 €	1.050,00 €	6.050,00 €
TOTALES	42.298,00 €	8.882,58 €	51.180,58 €
INGRESOS			
CONCEPTO	BASE IMPONIBLE	IVA	TOTAL
APORTACIONES PROPIETARIOS	42.298,00 €	8.882,58 €	51.180,58 €
TOTALES	42.298,00 €	8.882,58 €	51.180,58 €

A Aprobación inicial do Proxecto de Compensación.

Estas aprobacións quedaron condicionadas á aprobación polo órgano competente da Deputación Provincial.

A aportación da Deputación de Lugo sería a correspondente ao seu porcentaxe de participación que ascende ao 27,67%.

En data de 9 de maio de 2022, con CSV IV7DQDJJUH5TDE3TT5BK7SF4M, emitíuse informe técnico sobre o Proxecto de Compensación referenciado que textualmente dí:

“En relación á solicitude procedente do Servizo de Patrimonio na que se requiría informe técnico sobre o Proxecto de Compensación do Polígono C de Paradai, referente ás parcelas de reemprazo, superficie, situación..., emítase o seguinte,

Informe:

En primeiro lugar indicar que se detecta unha errata na descrición das fincas orixe indicada no Proxecto de Compensación do Polígono C de Paradai, que influirá nas parcelas resultado, xa que se lle atribúe a titularidade da parcela orixe número 2 á Deputación de Lugo, cando esta parcela de referencia catastral 27900A085000680000EI, foi alleada mediante concurso público publicado

no BOP de Lugo nº 002 de 3 de xaneiro do ano 2007 a favor de Julio Pérez López, segundo o disposto na Escritura de Agrupación e Compraventa número mil cento corenta e catro ante o Notario Don Antonio López-Calderón Vázquez.

En relación ás parcelas de reemprazo para a Deputación de Lugo, como se pode observar no plano 4 do Proxecto de Compensación do Polígono C, en Paradai, Lugo, (Figura 1 do Anexo) están situadas sobre a que era a parcela orixe aportada pola Deputación de Lugo, así que, polo tanto, son totalmente coincidentes en situación e fisiografía coa parcela orixe (Figura 2 do Anexo), considerando que non existe prexuízo, no que a estas cuestións se refire, para a Deputación de Lugo.”

Polo exposto, e visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 10 de maio de 2022, con CSV IV7DQQPSKFHORGEN4FQU5Z3CPY e o informe emitido pola Intervención, en data de 25 de maio de 2022, con CSV IV7DSDQZHIR2ZSR55RHGL5L7CY, propono á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, que adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o presuposto de exercicio 2022 e réxime de aportación de derramas correspondente á Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, Lugo, no que corresponde á cota da Deputación Provincial.

**2º.-** Aprobar o Proxecto de Compensación do Polígono C, Paradai, Lugo, coa emenda mencionada no informe referido, no que se refire ás parcelas aportadas pola Deputación de Lugo e as parcelas de reemprazo que lle corresponden no citado proxecto.

**3º.-** Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.





**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS, RELATIVO Ó PLAN BÁSICO MUNICIPAL DE TRIACASTELA (LUGO).**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2022RPE008143, de data 11.05.2022, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, de contestación ao informe emitido pola Deputación de Lugo ao Plan Básico Municipal de Triacastela (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 18 de maio de 2022 que di:

“En sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou emitir informe desfavorable ao documento do Plan Básico Municipal de Triacastela que fora presentado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia mediante escrito de Rexistro 2021RPE002656 de 24.02.2021 para informe sectorial de estradas provinciais, en tanto non se modificaran determinados aspectos que se sinalaban no informe do Servizo de Vías e Obras.

O documento que presenta con data 11.05.2022 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia contén as modificacións referentes ás estradas provinciais que se consideran conformes ás condicións que se establecían no acordo da Xunta de Goberno de 22.10.2021, polo que se propón a emisión de informe favorable á documentación remitida do PBM de Triacastela con data de redacción febreiro de 2022.”

Por todo o que antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable ao documento remitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, de contestación ao informe emitido pola Deputación de Lugo ao Plan Básico Municipal de Triacastela (Lugo), recibido o 11.05.2022 con número de Rexistro 2022RPE008143.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **9.- PROPOSTA EN RELACIÓN CON RENUNCIAS DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de outubro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 138 do 19 de xuño de 2021, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Escola de fútbol Polvorín (C-10884)	Polvorín CUP de fútbol	571,00 euros

## **10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.